



EIRADO Soc.Coop.Gal. de Consumo Responsábel

PROTOCOLO DE SOLICITUDE DE ADMISIÓN DE SOCIOS/AS (versión 09.2010)

Estes son os pasos que debe seguir se está interesado/a en asociarse a EIRADO:

1. Na web www.eirado.org existe un modelo de solicitude en formato pdf que poderá descargar. Lembre cubrir todos os campos, en caso contrario, a solicitude poderá ser desestimada.
2. Unha vez cuberta e asinada, a solicitude enviarase por carta postal ao seguinte enderezo (á atención do Consello Reitor de Eirado):

Avenida Quiroga Palacios 8, baixo, 15703 Santiago de Compostela

3. Tal e como establecen os estatutos da cooperativa, as solicitudes resolveranse nun prazo non superior a dous meses, a contar a partir do seguinte á recepción do escrito da solicitude. Transcorrido o devandito prazo sen resolución expresa, a solicitude entenderase denegada.
4. Unha vez recibida a solicitude será o Consello Reitor da cooperativa quen a examine, dispoñendo dun prazo máximo de dous meses para decidir sobre dita solicitude.
5. A comunicación da aceptación ou denegación da solicitude realizarase por correo electrónico.

En caso de admisión, indícarase nese correo cales son os pasos a seguir para facela efectiva, entre eles están os seguintes:

1. Deberá depositar a súa achega ao capital social na conta bancaria da cooperativa, no prazo de 15 (quinze) días naturais, contados a partir do día seguinte da recepción do correo antes mencionado. O capital social son 100€.
2. Deberá ingresar na conta da cooperativa a parte proporcional da cota semestral (30€). Esta cantidade incluírá a parte que corresponde ao mes enteiro no cal é admitido/a como cooperativista.
3. Marcar unha reunión coa Comisión de benvida designada polo Consello Reitor ou a Asemblea.
4. A Comisión de benvida encargarse de manter unha reunión coa nova persoa socia para explicarlle o funcionamento interno de Eirado, así como para resolver as dúbidas que poidan existir.